

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E CÁRITAS DIOCESANA DE OURENSE PARA O DESENVOLVEMENTO E EXECUCIÓN DO “PLAN ESPAÑA TE PROTEGE CONTRA LA VIOLENCIA MACHISTA” NO MARCO DO “PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA, FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA – NEXT GENERATIONEU”

MEMORIA EXPLICATIVA

De conformidade co Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, á Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero, como órgano de dirección correspóndelle Impulsar as actuacións conducentes á eliminación da violencia de xénero nos termos establecidos na Constitución, no Estatuto de autonomía de Galicia, na Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, e na demais lexislación aplicable na materia.

A Lei orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero articula medidas dirixidas a reforzar os servizos sociais de información, atención, emerxencia, apoio e recuperación integral, así como o establecemento dun sistema para a eficaz coordinación dos servizos existentes a nivel municipal e autonómico. Establece o dereito das mulleres vítimas de violencia a servizos de atención, de emerxencia, de apoio, de acollida e de atención integral. A organización destes servizos por parte das Comunidades Autónomas e Corporacións Locais responderá aos principios de atención permanente, atención urxente, especialización de prestacións e multidisciplinariedade profesional.

A Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, regula no seu artigo 48 a Rede galega de acollemento indicando que os centros de acollida son recursos especializados residenciais e temporais que lles ofrecen acollemento, atención e recuperación ás mulleres que sofren violencia de xénero e ás e aos menores ao seu cargo que requiren un espazo de protección debido á situación de indefensión ou risco causada pola violencia de xénero e que garantirán un tratamento integral de atención e/ou de recuperación, que abranxa aspectos psicolóxicos, educativos, socio-laborais e xurídicos e favoreza a normalización da situación persoal das mulleres, da súa unidade familiar e a superación dos efectos da violencia.

O pasado 21 de xullo de 2020 o Consello Europeo aprobou o instrumento financeiro Next Generation EU, que inclúe como elemento central un “Mecanismo de Recuperación e Resiliencia” (MRR) cuxa finalidade é apoiar o investimento e as reformas nos estados membros para lograr unha recuperación sustentable e resiliente, permitindo levar a cabo reformas a nivel nacional como en gobernanza coas comunidades autónomas con competencias transferidas. En liña co anterior, o Acordo do Consello de Ministros do 27 de abril de 2021 aprobou o Plan de Recuperación,



Transformación e Resiliencia para España, que a súa vez foi aprobado pola Comisión Europea o 16 de xuño de 2021. O citado Plan contempla 4 eixos: a transición ecolóxica, a transformación dixital, a cohesión social e territorial e a igualdade de xénero, que se proxectan en 10 políticas panca. Dentro da política panca 8, Nova economía dos cuidados e política de emprego, está incorporado o Compoñente 22 (C22.I04) "Plan de Choque para a economía dos cuidados e reforzo das políticas de igualdade e inclusión", e nel encádrase o "Plan España protéxete (III)-Creación de servizos de atención integral 24 horas a vítimas de violencia sexual".

A entidade Cáritas Diocesana de Ourense é unha entidade sen ánimo de lucro recoñecida e inscrita no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Consellería de Política Social e Igualdade co número E-140, e forma parte da Rede Galega contra a Trata. É titular dunha vivenda para mulleres, acondicionada e autorizada para a atención a mulleres vítimas de violencia de xénero, e comprende os requisitos establecidos na Orde do 1 de abril de 1997, pola que se regulan os requisitos específicos dos centros de acollida para mulleres vítimas de malos tratos. Está inscrita no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co número E-0140 e está integrada na rede galega contra a Trata.

O obxecto deste convenio é contribuír a través da concesión directa dunha subvención ao financiamento por parte da Consellería de Política Social e Igualdade á entidade Cáritas Diocesana Ourense, para a reforma e mellora da vivenda tanto da parte funcional como de accesibilidade e eficiencia enerxética, así como para a adquisición dun vehículo para a vivenda de acollida para a atención a mulleres vítimas de explotación sexual e trata.

A Consellería de Política Social e Igualdade e Cáritas Diocesana de Ourense comparten intereses comúns, sendo de suma importancia establecer mecanismos e vías de colaboración que coaduxen na consecución dos obxectivos perseguidos, resultando pertinente establecer vías de colaboración que fomenten a mellora dos centros de acollida para as mulleres vítimas de violencia de xénero existentes en Galicia.

En atención ao exposto estímase xustificada, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a non procedencia de promover a concorrência pública, e as razóns de interese social, para os efectos da subscripción dun convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a entidade Cáritas Diocesana de Ourense, cal é o caso no que o interese prioritario é poder realizar unha serie de investimentos no centro de acollida da entidade para mulleres en contextos de trata de seres humanos, explotación sexual e prostitución, para adecuar e dotar ao centro dunhas melloras que repercutan na seguridade, accesibilidade e protección das mulleres que nel residen.



Cáritas Diocesana de Ourense forma parte das entidades da Rede galega contra a trata, todas elas con acreditada experiencia nesta temática, tendo en conta que son as únicas entidades en Galicia reunidas nunha organización como a Rede Galega contra a Trata, con acreditada experiencia na referida problemática, atención directa ás vítimas, entradas nos clubs e pisos nos que se exerce a prostitución e onde se teñen detectado vítimas de trata de seres humanos, así como cunha colaboración estable de todas as entidades que integran a Rede coas Forzas e Corpos de Seguridade do Estado no caso de redadas policiais e asistencia ás vítimas xustifican a non procedencia dunha convocatoria pública.

Deste xeito, tendo en conta a especificidade das características do proxecto e a ausencia no ámbito territorial de Ourense de entidades alternativas que dispoñan da infraestrutura material e medios humanos esixibles e a súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social e Igualdade, segundo o Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a súa estrutura orgánica, en tanto que se trata de persoas vulnerables e as específicas necesidades inherentes ao colectivo ao que van dirixidas, considéranse razóns que acreditan o seu interese social, quedando xustificada a imposibilidade de promover a concorrência pública en relación ao artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

O obxecto deste convenio é establecer as condicións que rexerán a colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e Cáritas Diocesana de Ourense para a realización dunha serie de investimentos en obras de reforma/rehabilitación, honorarios profesionais e a adquisición dun vehículo para unha mellor atención ás necesidades das residentes no centro de acollida.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

PROPOSTA:

A subdirectora xeral para o Tratamento da
Violencia de Xénero

Patricia Fernández López

Conforme coa proposta,

O director xeral de Loita contra a Violencia
de Xénero

Roberto Barba Alvedro

